

ct

Partida salvada

de
Fernando Epelde

traducido por
Fernando Epelde

(fragmento en galego)

ESCENA 5

Instalada na parte de arriba da casa rural onde vive Carme, Julia está a lavar algunhas pezas de roupa na pía.

Son pezas de diversos tecidos, formas e cores, moi acordes co luminoso modo de vestir da investigadora, que ela vai retirando e colocando nun cordel estendido fronte á xanela.

A investigadora, en roupa interior, observa de esguello as noticias en streaming desde a súa tableta, que descansa sobre unha antiga mesa de madeira que ten xa máis dun século.

A efixie dun bot dixital, aparentemente humano, aínda que demasiado expresivo para ser unha persoa, repasa algúns temas do día intercalándose entre filmacións de escenas mundanas e eventos salientábeis.

BOT

...a Xunta de Galicia avalía as cifras de asistentes ao “Museo da fala” de Santiago de Compostela e de “O fogar da lingua” da Coruña mentres que a Deputación de Ourense cancela os seus plans para abrir unha sede da “Biblioteca de Autores Galegos” debido á suspensión de orzamentos. Haberá que esperar, pois, a coñecer estes datos para saber o futuro dos centros mencionados.

O presidente da Consellería non dubidou en manifestar que, a pesar de que o partido fai todo o que pode por manter estes lugares de memoria e cultura, “Non son tempos para a nostalxia e temos o deber de loitar por unha Galicia que integre...”

*Julia está a estender unha saia vermella na corda cando o son dun timbre interrompe o informativo para dar paso a unha chamada entrante, que se manifesta na pantalla en forma de ícone de teléfono vibrante sobre unha lenda que indica:
ANTONIO – FILLO CARME.*

Julia, incómoda polo timbre, apúrase en botar por riba unha camiseta vella cun frontal no que destaca a portada do filme norteamericano “Arrival”.

Logo e despois de arrombar convenientemente o seu cabelo, fala:

JULIA

Descolgar sen vídeo.

ANTONIO

Ola?

JULIA

Antonio... perdoa, non me despedín porque pensei que xa estarías na cama.

ANTONIO

Grazas por darlle a cea.

JULIA

Por favor. Quedáramos niso. É o menos que podo facer.

ANTONIO

Podo verte.

JULIA

(Achegándose estrañada á tableta) Me... non...

ANTONIO

Si, pola xanela.

Tralo cristal da xanela vemos agora unha luz que se acende. Un pequeno cadrado que se ilumina a certa distancia, como na casa de en fronte.

JULIA

Ah... claro. Estou a facer unha coada.

ANTONIO

Bonita saia.

JULIA

Sabes que isto é un pouco inquietante... Non?

ANTONIO

Non, por favor... moi ao contrario. Estaba a pensar na miña nai.

JULIA

Na túa nai?

ANTONIO

Si... Antes ese era o seu cuarto. Habilitámoslle o de baixo cando deixou de poder subir as escaleiras... pero a ela sempre lle gustou ese, onde estás ti.

JULIA

É moi quentiño. Curiosamente, máis que o de baixo... penso eu.

ANTONIO

Claro! Porque acabas de quentarlle a comida a miña nai. Nestas casas, a cociña está estratexicamente colocada baixo o dormitorio. Nunca subestimes un fogar rural... Ás veces un pensa que nada pode superar o confort dos complexos hipertecnificados de Ourense... até que chega aquí.

JULIA

A miña estación de lavado non está mal, a verdade. Isto de colgar as cousas á beira da xanela é un

pouco como... Non botas de menos a cidade?

ANTONIO

Volverei á cidade cando pase todo isto. (*Pensa*) Pero canto máis tarde, mellor.

JULIA

Claro.

ANTONIO

Ademais... as casas *de lareira* non están nada mal.

JULIA

De *lareira*! Ves como si que sabes galego?

ANTONIO

Sei o que necesitaba saber con dezaseis anos para non morrer de frío. (*Ri*) Unha *lareira* é unha cheminea.

JULIA

Seino. Túa nai di moito esa palabra... pero talvez teña outras connotacións. Creo que “cheminea” é como... máis burgués. A “lareira” é algo completamente funcional.

ANTONIO

Non sei. A filóloga es ti.

JULIA

Túa nai ten unha linguaxe moi rica. A nivel filolóxico... é un tesouro.

ANTONIO

E a outros niveis tamén... ou adoitaba selo, pero... non te fíes. Moitas veces mamá inventa a súa propia linguaxe. É unha muller de recursos.

JULIA

De momento todo o que sae da súa boca está a ser contrastado cunha chea de.../

ANTONIO

Non, non... non me refiro a iso. Verás: Moito antes da primeira estación de lavado de roupa, eu adoitaba estar dese lado... vale? Aí mesmo, onde estás ti. Gustábame acompañala mentres facía a coada e... aquí onde estou eu, vivía a miña tía Francisca.

JULIA

Ben pretiño.

ANTONIO

Pasábano pipa. Tiñan un universo de viúvas totalmente incomprensíbel para un neno. Isto era un pouco como as bruxas de Salem, pero en galego e en plan rural.

JULIA

E logo que facían? Co que chove por aquí... tampouco creo que baixasen a facer aqueles á horta.

ANTONIO

Aí precisamente quería eu chegar. Mira pola xanela.

JULIA

Como?

Julia fai o que Antonio lle di e, a través do cristal, cruzando a escuridade, podemos ver como o fillo de Carme estende uns pantalóns azuis na corda que hai baixo a súa xanela.

ANTONIO

Ves?

JULIA

Que?

ANTONIO

Velo ou non?

JULIA

O que?

ANTONIO

Que ves?

JULIA

Pois... uns pantalóns.

ANTONIO

De que cor?

JULIA

Azuis... Non?

ANTONIO

Perfecto. Tradúzoche: Pantalóns azuis ao principio da corda significa: “Parece que vai chover”

JULIA

Non... En serio?

ANTONIO

Claro. E esa saia vermella que tes aí colgada, significaría, se non recordo mal: “O meu fillo saíu. E o teu marido?”

JULIA

Isto é incríbel.

ANTONIO

Espera.

Desde o lado de Julia podemos ver como Antonio engade unha peza á corda.

JULIA

Calcetíns?

ANTONIO

Non te equivoques: UN calcetín. Un calcetín é “si”. Dous calcetíns é “non”

JULIA

“Si e non” Iso é básico. Polo menos o “si” que é case sempre necesario. O “non” xa é outro cantar. Os xaponeses, por exemplo, non teñen un “non”.

ANTONIO

Como que non teñen un non?

JULIA

Non teñen. Enténdese polo contexto.

ANTONIO

Pero que dis? E como fan... non sei... para ligar?

JULIA

Pois... supoño que con moito tacto, con moito tento.

ANTONIO

Pero que me está contando?

JULIA

Se non dis non, non feres o outro. Xapón é unha illa, todo está pensado para non ofender os demais. Non se rozan, non se tocan. É unha cultura equidistante. Unha colisión dentro dun lugar como Xapón podería ser fatal. Tratan de evitala.

ANTONIO

Vale, vale... todo iso está moi ben. Pero suponte que eu che digo: “Queres vir cear á miña casa?” E ti non queres... Que collóns me dirías?

JULIA

Existe a opción de dicir: “Gústame cear soa” ou... “Eu son máis de comer que de cear”, quizais “Vou cear cunha amiga” bastaría para comprenderes... hai moitas opcións, se o pensas ben.

ANTONIO

E non cres que iso fará que eu insista?

JULIA

A bo entendedor...

ANTONIO

E se che preguntase: “Queres que nos vexamos outra vez”?

JULIA

Eu sempre podo contestar: “Si”

ANTONIO

Pero se non queres! Iso é mentir!

JULIA

Non, porque pode ser que queira que nos vexamos outra vez, pero dentro de dez anos. Ou acompañados polas nosas futuras parellas... ou no ceo. Dígoche que si, e despois non vou. Listo!

ANTONIO

No ceo? Non sei... paréceme pouco claro, a verdade.

JULIA

(Pondo unha camisa amarela na corda) Vale, agora xa sei que o teu marido non está en casa. E isto que?

ANTONIO

Ah, amarelo! *(Ri)* Aí estás a abrir varias opcións.

JULIA

Cales?

ANTONIO

Amarelo despois de vermello e logo, de novo amarelo... é que o teu marido foi ver alguén que fala español... Vale?

JULIA

Como?

ANTONIO

Iso ven de cando non deixaban falar galego na aldea. Significaría que o teu marido foi ver o médico, ou pagar algo en Ourense cidade. Aínda que miña nai non tiña marido... ela nunca usaba ese código. Iso era máis ben cousa da miña tía.

JULIA

Ah, *Okey!* Hai que coñecer o contexto, claro.

ANTONIO

Claro. Pero, coidado cos matices... se separas a peza amarela da vermella na corda...

JULIA

Así?

ANTONIO

Si, así. Nese caso, amarelo é que fixeches algo ao forno e que axiña estará listo. Iso significaba, case seguro, que a miña tía faría isto (*Antonio coloca unha camiseta negra na corda*)

JULIA

Ui, negro! Iso pinta fatal.

ANTONIO

Pinta fatal se a peza está soa na corda, si. Iso sería que morreu algún vello do lugar, pero... así, pegadiña aos calcetíns, significa que vou cara alá cunha botella de negro licor café para axudarche a comer iso que tes no forno. Eses eran os meus días favoritos. Púñanse dun humor excelente.

JULIA

Interesante, desde logo. Como filóloga, teño que dicir que é un método cheo de matices, existe un bo uso do contexto común, o que os saxóns coñecen como o “Common ground” e hai unha elaboración de conceptos complexos que...

Antonio aparece agora no marco da porta do baño onde está Julia.

ANTONIO

Eu chamábao *Lingua de Meigas*. Elas morrían co riso.

JULIA

Hostia, Antonio! Vaia susto.

*Antonio estira o brazo, na man esquerda hai unha botella dun líquido negro.
Sorrín.*

NEGRO